

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2021.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanessa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e tres minutos do día trece de outubro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 4 DE OUTUBRO DE 2021.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de outubro de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 4 de outubro de 2021.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Decreto 129/2021, do 23 de setembro, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción denominado Fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-213 na Telva (puntos quilométricos 1+840-2+340), de clave AC/20/009.06.1, nos concellos de Cambre e Culleredo (A Coruña). DOG núm. 193 do 06-10-2021.
- Anuncio do 27 de setembro de 2021, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria, polo que se fai pública a Resolución do 23 de setembro de 2021 pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente os mapas estratéxicos de ruído dos

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I039A</b>	<b>USG/2021/167</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4Q00 6S43 1K3Z 3F4Q 1DL9	

grandes eixes viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia na provincia da Coruña (GA/19/001.09.3). DOG núm. 194 do 07-10-2021.

- Anuncio do 16 de setembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á requerimento de xestión da biomasa (expediente UME/2021/99). DOG núm. 194 do 07-10-2021.
- Anuncio do 16 de setembro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á requerimento de xestión da biomasa (expediente UME/2021/132). DOG núm. 194 do 07-10-2021.
- Resolución do 24 de setembro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se acorda outorgar o distintivo de permanencia ao persoal dos distintos corpos de policía local dos concellos de Galicia. DOG núm. 196 do 11-10-2021.
- Orde do 24 de setembro de 2021, de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2022. DOG núm. 196 do 11-10-2021.
- Resolución do 5 de outubro de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 196 do 11-10-2021.
- Resolución do 5 de outubro de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para os servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias. DOG núm. 196 do 11-10-2021.
- Edicto do Concello de Culleredo. Tesourería, do 4 de outubro de 2021, relativo á exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de actividades socioeducativas do Centro Ocupacional Municipal A Escada do mes de maio e xuño de 2021. BOP núm. 192 do 07-10-2021.
- Anuncio do Concello de Culleredo. Economía, Facenda e Réxime Interior, do 27 de setembro de 2021, relativo á exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 3º trimestre de 2021. BOP núm. 194 do 11-10-2021.

C.I.F. P-1503100-H

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/1686/2021 de data do 27/0/2021 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso de especie canina e raza mestiza, que ten o número de microchip 941000025931238, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 144.
- Resolución número CUL/RES/1714/2021 de data do 29/09/2021 pola que se establece unha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na R/. Condes de Andrade, á altura do número 1, da parroquia de Rutis, deste termo municipal.

- Resolución número CUL/RES/1738/2021 de data do 01/10/2021 pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Renovación da rúa Laxe (VP-23 e VP-29)" co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 241.451,56 € (douscentos corenta e un mil catrocentos cincuenta e un euros con cincuenta e seis céntimos), *IVE engadido*, que ten o C. V. 1N3Y152F5U2D251C1900."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

"

<b>*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.</b>				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
28/07/2021	1409	Conceder o Xantar na Casa para os sete días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.	***4585** ***7421*	
28/07/2021	1410	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio.  Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliaria como persoa titular e como persoa usuaria sen unidade de control remoto e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	***7509** ***5603**	Cunha intensidade de 3 e 2 horas á semana respectivamente (agás festivos).
28/07/2021	1411	Conceder o Servizo de municipal de Teleasistencia Domiciliaria.	***7883**	
26/07/2021	1416	Conceder a AMPLIACIÓN no servizo municipal de axuda a domicilio	***7964**	Cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).
04/08/2021	1513	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado e declarar	***3862**	

C.I.F. P-1503100-H

		concluso o procedemento.		
4/08/2021	1514	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***7786**	Cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).
05/08/2021	1516	Conceder o Servizo de municipal de Teleasistencia Domiciliaria	***2670**	
05/08/2021	1520	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado e declarar concluso o procedemento.	***3598**	

**\*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
29/07/2021	1415	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter PROVISIONAL	***1750**	ata o 19/07/2023,

C.I.F. P-1503100-H

<b>SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS</b>

2.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“**ACTIVIDADES CULTURAIS**

**XOVES 14 DE OUTUBRO**

**Biblioteca Xosé Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.00 h:**

Contacontos coa Dragona Ramona: *Os monstruos grandes non choran.*

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I039A</b>	<b>USG/2021/167</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4Q00 6S43 1K3Z 3F4Q 1DL9	

A partir de 3 anos. Aforo limitado. Reserva de prazas a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid que estean en vigor.

### **VENRES 15 DE OUTUBRO**

#### **Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:**

Festival Galicreques 2021.

Plansjet (Bélxica): *La danza de las marionetas*.

Público infantil. Aplicaranse as medidas anti-covid que estean en vigor.

Entrada gratuita. Aforo limitado. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597.

### **CLUBS DE LECTURA DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS**

Do 15 ata o 30 de outubro de 2021 estará aberto o prazo para poder anotarse aos clubs de lectura das Bibliotecas municipais de Culleredo.

As prazas (20 por cada club) iranse cubrindo por orde de inscrición, ata completar aforo.

As inscricións poderán facerse chamando, en horario de 9:00 a 13:00 h. e de 16:00 a 19:00 h., aos teléfonos 981665597 ou ao 981650077.

Tamén poden facerse enviando un correo electrónico a:

[bibliotecas.municipais@culleredo.es](mailto:bibliotecas.municipais@culleredo.es)

C.I.F. P-1503100-H

Os clubs son os seguintes:

#### **CLUB DE MAIORES.**

Luns de 17:00 a 18:30 h.

Biblioteca Municipal "Miguel González Garcés" do Burgo.

Comezaría o 8 de novembro.

#### **CLUB DAS MAÑÁS.**

Martes de 11:00 a 12:30h

Biblioteca Municipal "Miguel González Garcés" do Burgo.

Comezaría o 9 de novembro.

#### **CLUB DE NOVELA HISTÓRICA.**

Mércores de 19:00 a 20:30 h.

Biblioteca Municipal "Miguel González Garcés" do Burgo.

Comezaría o 10 de novembro.

#### **CLUB DAS TARDES.**

Xoves de 17:00 a 18:30 h.

Biblioteca Municipal "Xosé Cardeso Liñares" de Vilaboa.

Comezaría o 11 de novembro.

As sesións dos clubs serán unha vez ao mes."

### **2.3.- SENTENZA 133/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 145/2020.**

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I039A</b>	<b>USG/2021/167</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4Q00 6S43 1K3Z 3F4Q 1DL9	

O Sr. alcalde dá conta á Xunta e Goberno Local da sentenza 133/2021, do 29 de setembro de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, PROCEDEMENTO ORDINARIO 145/2020, en cuxo fallo (anonimizado) di:

“ DESESTIMANDO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el letrado D. J.H.I, en nombre y representación de Dª S.A.N. Frente a Resolución del Director de la APLU, de 16 de junio de 2018, así como contra la desestimación del recurso de reposición que interpuso la demandante, contra dicha resolución, y ello con expresa condena en costas a la demandante conforme el fundamento cuarto de esta resolución.

Notifíquese la presente sentencia a las partes, advirtiéndoles que contra la misma podrá interponerse recurso de apelación ante este Juzgado, en el plazo de 15 días, mediante escrito razonado que deberá de contener las alegaciones en que se fundamente el recurso.

(...)“

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H